

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16



PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A LICITACIÓN DA CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO BAR-CAFETARÍA NO QUIOSKO DO PASEO ALTO DA FERRADURA NA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1.- OBXECTO DO CONCURSO

Constitúe o obxecto deste contrato a redacción do proxecto básico e de execución, construción ou reforma e xestión da explotación do BAR-CAFETARÍA a instalar previas as obras de edificación ou reforma necesarias no quiosko do paseo alto da Ferradura na alameda de Santiago de Compostela, de acordo coas prescricións recollidas neste prego técnico.

2.- CONDICIÓN ECONÓMICAS E ADMINISTRATIVAS

Vid. Prego de cláusulas administrativas particulares que complementa este prego.

3.- ADXUDICACIÓN ÚNICA

O presente prego rexerá polo principio de adxudicatario único, que deberá facerse cargo do servizo de forma completa e indivisible de todos os servizos comprendidos neste prego, quedando expresamente prohibido calquera outro uso distinto ao previsto no presente prego. De producirse un uso inadecuado será causa de resolución de contrato.

EXPLORACIÓN DA CONCESIÓN

4.- ESPAZO E INSTALACIÓN PARA A EXPLOTACIÓN

A concesionaria poderá usar para a prestación do servizo os espazos que resulten da proposta arquitectónica presentada e aprobada polo Concello e pola comisión asesora do patrimonio histórico, e que pode chegar, de acordo coas especificacións recollidas neste prego, ata os 120 m² na área de edificación, cun aforo dunhas 90 persoas na súa zona de salón, e dúas terrazas de 56 m² e de 30 m², cun aforo estimado de 84 persoas.

As zona de bar-cafetaría quedarán limitadas en exclusividade ás expostas anteriormente. Quedará totalmente prohibido realizar o servizo fóra deste recinto, agás autorización expresa por parte do Concello.

5.- EQUIPAMENTO

O adxudicatario do servizo deberá realizar pola súa conta a provisión de equipamento, mobiliario, enxoval, menaxe, porcelanas, tixolas, olas, cristalerías, sistema de cobro, uniformes do persoal e todos aqueles requirimentos necesarios para prestar o servizo en condicións óptimas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

O Concello terá que dar a súa autorización ao equipamento sinalado no parágrafo anterior e nomeadamente ao mobiliario do bar-cafetaría ao obxecto de garantir que sexa acaído co edificio e a súa contorna.

Non se autorizará, en ningún caso, a instalación de ningunha máquina expendedora de produtos alimenticios, refrescos, café ou tabaco. Asemade non estará permitido instalar máquinas de xogos de azar ou de calquera outro xogo.

6.- LIMPEZA E CONSERVACIÓN

. É obriga do adxudicatario o coidado, mantemento e limpeza dos locais concesionados, dos seus accesos e das zonas próximas a elas nas que se evidencie a presenza de residuos orixinados nas súas explotacións.

. Correrá por conta da empresa adxudicataria a conservación e, no seu caso, reposición dos materiais deteriorados así como calquera custo referido á posta en funcionamento, mantemento e conservación do bar-cafetaría.

. O adxudicatario realizará ao finalizar cada xornada unha limpeza xeral dos locais concesionados e dos seus arredores.

. O contratista deberá manter en perfecto estado de limpeza, tanto o espazo interior como exterior da barra, para tal fin realizará a limpeza cantas veces sexa necesario ao longo da xornada.

. O contratista deberá proceder á desinfección e desinfectación dos locais trimestralmente e a desratización, se for necesario, cantas veces sexa preciso. Os gastos derivados deste servizo serán con cargo ao contratista. De ser requirido o contratista deberá presentarlle ao Concello os xustificantes pertinentes.

. O adxudicatario comprometerase a manter en perfecto estado de limpeza os contedores nos que se depositen os residuos que se deriven da súa actividade, así como a colocación diaria nos lugares expresamente sinalados polo Concello a estes efectos.

. O adxudicatario comprométese a participar na recollida selectiva dos residuos sólidos depositando de forma separada en cada un dos colectores que se instalen para tal efecto e/ou levando aqueles para os que non haxa contedores nas inmediacións do parque da Alameda aos puntos limpos de Piñor ou do Polígono do Tambre.

En situacións de moita afluencia de público realizará as limpeza de repaso, nomeadamente dos aseos, para manter o local en óptimas condicións de limpeza e hixiene.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

. Non se permite durante o tempo que permaneza aberto o quiosco, nin polo adxudicatario nin polo público, a invasión de ningún área de céspede ou contedora de vexetación, limitándose en todo caso a zonas estanciales e de paseo. Será responsabilidade do adxudicatario a reparación de calquera dano que puidese producirse á vexetación e infraestruturas existentes

7.- HORARIOS E NORMAS XERAIS PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO

Agás no mes de xaneiro, mes no que a cafetería poderá permanecer pechada ao público, o adxudicatario terá que abrir ao público cando menos nos seguintes horarios:

- " De marzo a setembro, de luns a domingos de 12:00 a 20:30
- " De outubro a febreiro, de luns a domingos de 12:30 a 18:30
- "

Os horarios de apertura e peche deberán estar visibles na instalación.

O adxudicatario poderá pechar un día fixo á semana, que comunicará previamente ao Concello e anunciará nas propias instalacións, para descanso do persoal.

Se o adxudicatario quixera exceder os horarios de apertura ao público que consten na súa oferta terá que solicitar previamente a autorización expresa do Concello.

Limitarase o paso de vehículos para carga e descarga de mercancías ás zonas que o Concello de Santiago de Compostela habilite.

A empresa adxudicataria debe facer respectar aos usuarios a lexislación vixente e a normativa sobre venda, prevención e restrición do consumo de tabaco, incluso con advertencias persoais por parte do persoal da empresa en caso de infracción.

Queda prohibida a venda de bebidas alcohólicas a menores de dezoito anos.

A empresa adxudicataria deberá habilitar un espazo para a instalación de cartalaría, folletos e demais materiais informativos dos parques de Compostela e demais actividades municipais, encargándose tamén da actualización da información e reposición do material informativo.

Prohíbese expresamente calquera actividade allea á propia explotación do bar-cafetería así como a venda de agasallos, "souvenirs" ou calquera obxecto semellante.

Os custos derivados dos consumos de subministración de luz eléctrica, gas, teléfono, wifi, xornais de cafetería e todos aqueles que sexan precisos para o funcionamento do servizo correrán a cargo da empresa adxudicataria.

O adxudicatario colaborará co Concello de Santiago na realización de actividades de dinamización e posta en valor do parque e do seu contorno, tales como:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

- celebracións de Días Mundiais (día da auga, día forestal mundial, día da biodiversidade, día do medio ambiente,...);
- . celebracións populares relacionadas coa natureza: magosto, maios,...
- . edición de material informativo e/ou educativo,
- . espectáculos de temática ambiental (contacontos, teatro, música,...),
- . fotografía da natureza, etc

O adxudicatario colaborará co Concello nos programas de préstamo de elementos de lecer a utillizar no parque.

8.- FACULTADE DE INSPECCIÓN

O Concello poderá en calquera momento realizar comprobacións do bo funcionamento do servizo e do cumprimento dos acordos establecidos non contrato.

O contratista deberá someterse a todas as inspeccións necesarias que realicen as autoridades competentes na materia en cumprimento da lexislación vixente.

9.- RECLAMACIÓN

O contratista deberá ter a disposición dos clientes follas de reclamacións autorizadas, enviando copia ao Concello das reclamacións que se produzan. O envío destas copias efectuarse no mesmo día ou no día seguinte da súa recepción.

O contratista deberá colocar, xunto á lista de prezos, un cartel ben visíbel no que se indique a existencia de follas de reclamación.

10.- OUTRAS OBRIGAS DO CONTRATISTA

A empresa adxudicataria deberá estar en posesión de cantas acreditacións legais sexan necesarias para desenvolver o servizo e poder estender as certificacións oportunas ante os organismos públicos competentes.

A empresa adxudicataria cumprirá as disposicións da normativa xeral autonómica, sobre Riscos Laborais.

A empresa adxudicataria subscribirá unha póliza de seguro de responsabilidade civil.

A empresa facilitará ao Concello os informes que este requira co fin de obter unha estatística sobre a explotación do servizo, información que será de carácter confidencial e que en ningún caso se lle facilitará a ningún terceiro sen a previa autorización por escrito da empresa adxudicataria.

Documento	Expediente	Fecha
CONWI0DL	CON/51/2012	06-08-12 09:16

A explotación do servizo correrá por conta da empresa adxudicataria e non poderá cedela ou traspasala sen a autorización previa do Concello. Finalizado o período de explotación, a concesionaria entregará as instalacións ao Concello en óptimo estado de conservación e mantemento.

10.- MEDIOS PERSOAIS

O contratista deberá poñer a disposición do servizo o persoal comprometido na oferta. A oferta incluírá unha relación dos traballadores que o licitador considere necesarios para o desenvolvemento dos traballos.

O devandito persoal dependerá exclusivamente do contratista, quen asumirá as funcións de dirección e organización dos traballos a realizar e ostentará en exclusiva todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de patrón, debendo cumprir as disposicións relativas en materia fiscal, laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, segundo a lexislación vixente, en todo momento.

Deste modo o contratista deberá xestionar o Libro de Visitas da Inspección de Traballo, así como a inscrición, afiliación e cotización da Empresa e os traballadores por contingencias comúns da Seguridade Social e por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sexan estes por conta allea ou por conta propia, estando en posesión ademais, de ser o caso, da correspondente póliza de seguros por responsabilidade civil, incluída a patronal, que puidese fixar o convenio colectivo de aplicación.

Para tal efecto, a empresa adxudicataria será responsable dos accidentes que puidese sufrir o seu persoal (sexa propio ou subcontratado) ou ocasionar nos locais, mobiliario, instalacións ou calquera propiedade do Concello polo exercicio do seu traballo no bar-cafetaría do parque da Alameda e dotarao de todos os medios de seguridade necesarios para o desenvolvemento do seu cometido de modo que eses danos serán indemnizados polo contratista.

O persoal de cociña e cafetaría, encontrarase en posesión do preceptivo carné de Manipuladores de Alimentos, debidamente actualizado, que poderá ser esixido en calquera momento polo Concello.

O adxudicatario coidará da boa presenza do persoal durante o traballo, dotándolle do necesario vestiario e responsabilizándose do correcto trato do persoal da súa dependencia cos usuarios do local.

O incumprimento das cláusulas deste prego, especialmente as medidas de estrita limpeza e conservación de alimentos, así como o referente ao carné de manipulador, serán causas de resolución do contrato.

10.- TARIFAS

Documento	Expediente	Fecha
CONWI0DL	CON/51/2012	06-08-12 09:16

As tarifas dos produtos do bar-cafetaría, axustadas ao establecido na lexislación vixente, serán as que se reflectan na oferta do adxudicatario. Calquera modificación dos prezos terá que ser aprobada previamente polo Concello.

Esta lista de prezos colocarse nun lugar visible do local selada polo departamento de parques e xardíns municipal.

A cantidade de artigos que se poñerán á venda na cafetería serán os usuais para: almorzo, merenda, comidas e cenas.

A título de exemplo indicamos os elementos que deberán ofertar. Estes produtos deberán ir acompañados dos prezos correspondentes coa especificación do IVE:

Almorzos:

- . Churros (5 unidades)
- . Torradas
- . Barriña de pan tostada con manteiga estuchada para consumo individual (extra) e marmelada estuchada para consumo individual (extra)
- . Pastelería
- . Café só / con leite/ cortado
- . Descafeinado -Descafeinado con leite
- . Vaso de leite
- . Infusións
- . Zume natural
- . Sándwichs
- . Bocadoillos
- . Racións
- . Pratos combinados
- . Pinchos, canapés, montados
- . Ensaladas
- . Xeados

Bebidas:

- . Augas minerais
- . Refrescos
- . Cervexa (Botella, botella pequena, caña)
- . Viño
- . Zumes e batidos

Esta listaxe poderá ser variada e ampliada na medida en que a empresa concursante o considere oportuno tendo en conta que é un dos puntos valorábeis.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

O adxudicatario adquirirá alomenos o 5 % dos produtos que utilice na prestación do servizo en canles de venta de produtos de comercio xusto (café, azúcar, zumos, etc).

II

PROPOSTA ARQUITECTÓNICA

Este apartado do prego de condicións técnicas reúne tódalas normas técnicas a seguir para a realización dos traballos relativos ás obras de derruba e acondicionamento dos quioscos.

As seguintes condicións son de obrigado cumprimento polo adxudicatario, que fará constar que as coñece e que se compromete a executalas asinando o presente prego unha vez resolto o concurso obxecto do mesmo.

O incumprimento dalgunha das condicións do presente Prego de Condicións Técnicas sen autorización expresa do Concello de Santiago de Compostela poderá supor a resolución do contrato.

CONDICIÓN XERAIS

Obxecto

É obxecto deste prego sinalar as condicións que rexerán as obras de acondicionamento dos quioscos e o seu entorno para a implantación da actividade de bar-cafetería vinculadas ao contrato de concesión.

Dirección e inspección dos traballos

O Concello de Santiago de Compostela designará un Director de Proxecto, que desenvolverá unha función de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta labor dos traballos, e establecerá os criterios e liñas xerais, complementarias do presente Prego, para a actuación do adxudicatario.

O Director do Proxecto non terá responsabilidade sobre o proxecto nin sobre as obras, a cal recaerá nos técnicos redactores do proxecto, na Dirección Facultativa, na empresa contratista das obras e no adxudicatario como promotor das mesmas, que asume a responsabilidade dos traballos en toda a súa medida.

Persoal do adxudicatario

O adxudicatario designará un Delegado con titulación de Técnico Superior, que será o único interlocutor ante a Dirección do Proxecto, facilitando un listado do persoal facultativo que colaborará na redacción e dirección.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

O delegado manterá coa dirección tantas reunións como esta estime necesarias para a correcta marcha do proxecto e da obra, en todo caso, o Delegado informará por escrito á Dirección, durante os primeiros cinco días de cada mes sobre a marcha dos traballos encomendados.

Ámbito

Paseo Alto da Ferradura
Concello: SANTIAGO DE COMPOSTELA.
Provincia: A CORUÑA.
Prazos de execución

Conforme o Prego de Condicións Administrativas e o Cadro de Características do contrato.

CONDICIÓNIS FUNCIONAIS E ARQUITECTÓNICAS

A proposta funcional e arquitectónica para o acondicionamento da cafetería será libre, se ben deberá cumprir os seguintes requisitos:

Demolición do quiosko 1 (xunto ao palco da música):

Efectuarase a derruba da edificación actual, recuperando a topografía natural dos terreos no entorno inmediato ao palco, acondicionando o resto da plataforma como terraza vinculada á cafetería, substituíndo os pavimentos e varandas existentes por outros acordos co entorno inmediato do palco.

A localización das zonas descritas indícase nos planos anexos ao final do prego.

Acondicionamento do quiosko 2 para o uso de cafetería:

Formalizarase un local para o uso de cafetería cunha superficie mínima de 60 m² e máxima de 120 m². A edificación existente poderá manterse ampliando na superficie que o licitador considere necesaria dentro dos límites indicados ou ben poderá preverse a súa demolición e levantamento dunha edificación de nova planta. A composición arquitectónica da nova edificación deberá coidar especialmente a integración co entorno da Alameda e os elementos especialmente catalogados próximos.

A terraza actual xunto ao quiosko non será ocupable por edificación e acondicionarase para o uso de terraza vinculada á cafetería.

Será condición indispensable o mantemento dos árbores existentes.

A localización das zonas de ampliación e terrazas indícase nos planos anexos ao final do prego.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

ACTUACIONES EN FASE DE PROXECTO

O proxecto, ademais das prescricións contidas no Código Técnico da Edificación e na normativa urbanística e de edificación vixente cumpriran as determinacións do presente prego.

PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E PROXECTO DE ACTIVIDADE.

Desenvolverá as determinacións adiantadas no anteprojecto presentado a concurso, e que forma parte contractual da oferta do adxudicatario.

Definirá as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación de solucións concretas. O seu contido será o suficiente para solicitar a licenza municipal de obras e de actividade, así como as concesións e outras autorizacións administrativas, e para iniciar a construción do edificio. O seu contido permitirá verificar todas as condicións que esixe o CTE, definirá as prestacións que o edificio proxectado ten que proporcionar para cumprir as esixencias básicas e en ningún caso impedirá o seu cumprimento. Xustificaranse todos os aspectos construtivos, formais e económicos que avalen a oferta económica presentada polo licitador.

O adxudicatario do contrato desenvolverá o proxecto e definirá a obra na súa totalidade, sen que nel poidan rebaixarse as prestacións declaradas na oferta do concurso, e sen alterar os usos e condicións baixo as que, no seu caso, se outorgaron a licenza municipal de obras, as concesións e outras autorizacións administrativas, salvo en aspectos legalizables.

Incluirá, ademais dos proxectos das obras de arquitectura, os proxectos de todas e cada unha das instalacións previstas e necesarias, redactados polos técnicos competentes en cada materia, de acordo coas condicións formais, técnicas ou de outra índole que esixa o Órgano de Contratación e a lexislación vixente.

O traballo deberá realizarse atendendo as observacións e indicacións que manifestara o Órgano de Contratación ao resultado da fase precedente.

ACTUACIONES EN FASE DE OBRAS

DESCRIPCIÓN

Constitúe a fase de execución das obras, na que a Dirección facultativa leva a cabo a coordinación do equipo técnico facultativo da obra (dirección de obra, dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde), a interpretación técnica, económica e estética do proxecto de execución, así como a adopción das medidas necesarias para levar a termo o desenvolvemento do Proxecto de execución, establecendo as adaptacións, detalles complementarios e modificacións que poidan requirirse co fin de alcanzar a realización total da obra, de acordo co que establece o

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWIODL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

proxeito de execución correspondente e baixo as directrices que, a través do director do proxecto, estableza o Concello.

A dirección de obra realizarase segundo o previsto na lexislación aplicable para este tipo de traballos.

SEGUIMIENTO DAS OBRAS

Visitas de obra.

A dirección facultativa manterá coa dirección do proxecto tantas reunións como esta considere necesario para a correcta marcha da execución das obras e, en todo caso, a dirección facultativa informará por escrito a Dirección do proxecto, durante os primeiros cinco (5) días de cada mes sobre a marcha dos traballos encomendados.

Levarase a cabo en todo caso unha reunión semanal de xestión de obra na que deberán comparecer, salvo causa xustificada, o Director de Obra, o Director de Execución de Obra e o Coordinador de Seguridade e Saúde. A relación de convocados, data e lugar das reunións serán establecidos polo Concello.

Aparte destas reunións, a Dirección Facultativa e o Coordinador de Seguridade e Saúde deberán realizar as visitas de obra adicionais que estimen oportunas para o correcto desenvolvemento das obras, establecendo como mínimo que as visitas da dirección facultativa serán as seguintes: no caso do director de obra unha visita á semana e no caso do director de execución do proxecto e do coordinador de seguridade e saúde dous visitas á semana. O número de visitas anteriores establécese como mínimo, incrementándose no que sexa necesario para o correcto funcionamento da mesma.

Documentación de Seguimento da obra.

- **ACTAS DAS REUNIÓN DE XESTIÓN DE OBRA:** a Dirección Facultativa levantará acta de cada unha das reunións de xestión de obra mantidas ao longo da execución das obras, segundo modelo de acta que será facilitado polo Concello.

- **LIBRO DE ORDES E ASISTENCIAS** o director de obra e o director da execución da obra consignarán as instrucións propias das súas respectivas funcións e obrigacións. Expedido polo Colexio correspondente a instancias dos Técnicos directores ao comezo da obra, ou tralo visado do proxecto de execución. Deberá atoparse na caseta de obra. Reflectiranse as visitas realizadas, ordes dadas, incidencias, etc. Pódese completar con Memorias, esbozos, planos, cálculos, etc. necesarios para as concrecións ou variacións que se vaian introducindo durante a obra, así como certificacións parciais ou totais de obra.

- **LIBRO DE INCIDENCIAS** desenvolverase conforme á lexislación específica de seguridade e saúde. Terán acceso ao mesmo os axentes que dita lexislación determina.

Documento	Expediente	Fecha
CONWI0DL	CON/51/2012	06-08-12 09:16

- Unha vez finalizada a obra, a documentación do seguimento será entregada polos directores da obra ao Concello e comprométanse a emitir certificacións do seu contido a quen acrediten un interese lexítimo.

CONTROL DE OBRA

Realizarase da seguinte forma:

- Os directores da execución da obra recopilarán a documentación do control realizado, verificando que é conforme co establecido no proxecto, os seus anexos e modificacións.
- O construtor solicitará dos subministradores de produtos e facilitará ao director de obra e ao director da execución da obra a documentación dos produtos anteriormente sinalada así como as súas instrucións de uso e mantemento, e as garantías correspondentes cando cumpra.
- A documentación de calidade preparada polo construtor sobre cada unha das unidades de obra poderá servir, se así o autorizase o director da execución da obra, como parte do control de calidade da obra.
- Unha vez finalizada a obra, a documentación do seguimento do control será entregada polos directores da obra ao Concello e comprométase a emitir certificacións do seu contido a quen acrediten un interese lexítimo.

CERTIFICADO E DOCUMENTOS DE FINAL DA OBRA

- Por quintuplicado, dilixenciado previamente, se corresponde polo Colexio correspondente.
- No certificado final de obra, os directores da execución da obra certificará dirixir a execución material das obras e controlado cuantitativa e cualitativamente a construción e a calidade do edificado de acordo co proxecto, a documentación técnica que o desenvolve e as normas da boa construción.
- Os directores da obra certificarán que a edificación foi realizada baixo a súa dirección, de conformidade co proxecto de execución e a documentación técnica que o complementa, achándose disposta para a súa adecuada utilización con arranxo ás instrucións de uso e mantemento.

Ao certificado final de obra uniráselle como anexos os seguintes documentos:

- Descrición das modificacións que, coa conformidade do promotor, introducíronse durante a obra, facendo constar a súa compatibilidade coas condicións da licenza.
- Relación dos controis realizados durante a execución da obra e os seus resultados.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Serviciós 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16


- Actas e Certificados indicados nos artigos nº 5 e 6 da Lei 38/99 de Ordenación da Edificación.
- Outros certificados necesarios segundo normativa vixente.
- Deben presentar xunto coa liquidación catro (4) copias de planos definitivos "as-built" da obra, nos que se reflicten as modificacións introducidas durante a execución da mesma.
- Achegarase Libro do Edificio, segundo o estipulado na Lei 38/99 de Ordenación da Edificación, incluíndo planos de estado final da obra, achegando cadros de superficies útiles e construídas finais e indicando os cambios habidos en obra (art. 7 da LOE).

RECEPCIÓN DE OBRA

Farase entrega ao Concello de copia dilixenciada da totalidade das certificacións de obra emitidas, xunto con informe da Dirección Facultativa coa valoración completa da obra executada.

FOTOGRAFÍAS

Editarase un reportaxe fotográfico completo do interior e exterior das edificacións e elementos obxecto das obras. Levarán referencia da obra, data e firma dos técnicos.



<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONWI0DL	CON/51/2012	06-08-12 09:16

IV.- ANEXOS

ÍNDICE

1.- PLANOS DE LOCALIZACIÓN	14
2.- PLANEAMENTO VIXENTE – PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	14
3.- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO QUIOSCO DO PASEO DA FERRADURA (ANO 2003)	14
4.- REPORTAXE FOTOGRÁFICO	14

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 62.- ROTFE		
<i>Documento</i> CONWI0DL	<i>Expediente</i> CON/51/2012	<i>Fecha</i> 06-08-12 09:16

PLANOS DE LOCALIZACIÓN

PLANEAMENTO VIXENTE – PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Achégase a continuación os seguintes extractos da documentación do PEPRCH:

Planos de calificación e de protección e catalogación:

- follas 22-23-27-28, correspondentes ao ámbito do parque de Santa Susana e Alameda

Fichas do catálogo de elementos protexidos no entorno da actuación:

- Parque de Santa Susana e Alameda
- Carballeira e Igrexa de Santa Susana
- Portada do Paseo da Ferradura

Normativa:

- Condiciones da urbanización
- Protección do medio ambiente

A documentación completa do planeamento vixente pode consultarse na base de datos de planeamento da Xunta de Galicia, na seguinte dirección: www.planeamentourbanistico.xunta.es

PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO QUIOSCO DO PASEO DA FERRADURA (ANO 2003)

Achéganse planos do proxecto de acondicionamento do quiosco xunto á portada do Paseo da Ferradura, realizado no ano 2003 para dar cabida ao actual uso de centro de interpretación de parques e xardíns.

REPORTAXE FOTOGRÁFICO